



CONCELLO DE SOBER. LUGO.

Adxudicación dun contrato menor de SERVICIOS de redacción de proxecto.

“ Expediente número 300/2022 Adxudicación contrato menor de SERVICIOS de redacción de proxecto, para construción dun punto limpo.

Visto a publicación da axuda aprobada a este concello a través da resolución do 20 de outubro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que sé dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de recollida de residuos especiais de competencia municipal, cofinanciados polo fondo europeo relativo ao mecanismo de recuperación e resiliencia da UE, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Por un importe de 97.506 euros, sobre un investimento total de honorarios e iva incluído de 131.091,4 euros, de acordo coa memoria técnica titulada Punto Limpo Municipal, redactada en data de xuño de 2022 por Don Alfonso Fernández Losada, arquitecto Colexiado 1.103 no I.C.O.E.I. de Galicia.

Visto que este concello precisa o subministro a través dun contrato menor de servizos, da redacción dun proxecto técnico para construción de punto limpo municipal para un orzamento total de contrata iva incluído de 123.831,40 euros” para poder continuar cos trámites e xestión da citada axuda. E considerando que a súa empresa está capacitada para a execución destes traballos, e polo que se invita para que presente a mellor oferta económica.

Conforme a que as características do contrato que se pretende adxudicar son as que se expresan na seguinte táboa resumo:

Tipo de contrato:	Contrato de servizos (art. 17 da LCSP)
Obxecto do contrato:	Redacción do proxecto, para as obras de “Construción de punto limpo municipal para un orzamento total de contrata iva incluído de 123.831,40 euros ”.
Prezo do contrato (IVE incluído)	3,630 euros.
Valor estimado do contrato	3.000 euros.

En virtude das facultades que se outorgan a este órgano de contratación no artigo 61 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP, no sucesivo), e en cumprimento do disposto no artigo 118 da citada normal e o artigo 73 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas,

DISPOÑO

PRIMEIRO. Xustificar a contratación do presente SERVICIOS mediante a fórmula de contratación menor ao ser o seu valor estimado inferior a 15.000 euros e considerar este procedemento, dada a natureza e urxencia dos

Luis Fernández Guillán (1 de 2)  
Alcalde  
Fecha Firma: 22/12/2022  
HASH: 3b0d0e9a9443020205a15b28091138



Elena González López (2 de 2)  
SECRETARÍA - INTERVENTORA  
Fecha Firma: 22/12/2022  
HASH: abbaad970e027765ee16908bfe40



DECRETO  
Número: 2022-0517  
Fecha: 22/12/2022



Cód. Validación: 3M44MG1PLDGG3LLQWFCFP6KGC2D | Verificación: https://concellosdesober.sedelectronica.gal/ Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 1 de 2



CONCELLO DE SOBER. LUGO.

servizos a realizar, máis adecuado que a utilización de calquera outros dos previstos na Lei de Contratos do Sector Público.

**SEGUNDO.** Xustificar que non se soliciten tres ofertas na presente licitación, conforme á habilitación normativa existente na nota aclaratoria sobre a Instrución 1/2019 da oficina independente de regulación e supervisión e da contratación relativa á dos contratos menores, cuxo tenor literal indica o que segue: « (...) a referencia á solicitude de tres presupostos que se indica na Instrución, ha de interpretarse no sentido de que a mesma satisfai o principio de competencia; sendo sempre posible xustificar motivadamente a non procedencia de tal petición de ofertas cando (...), ou ben, dificulte, impida ou supoña un obstáculo para cubrir de forma inmediata as necesidades que en cada caso motiven o contrato menor»

**TERCEIRO.** Contratar con **Abante Ingeniería S.L.P. con C.I.F. nº B-27243666, e domicilio Social na calle Roberto Baamonde, 102, entresuelo, 27400. Monforte de Lemos. Lugo. Representada por Don Alfonso Fernández Losada con NIF nº 34.257.349-E;** a prestación descrita no presente informe por importe de **3.630 euros iva incluído.** (Consta que en data de 22/12/2022 esta entidade local remitiu a citada empresa invitación para participar no proceso de contratación, e que en **data de 22/12/2022 con rexistro electrónico de entrada número 2022-E-RE-305,** a empresa adxudicataria presentou a oferta económica xunto coa documentación acreditativa de cumprir os requisitos necesarios para a adxudicación do contrato).

**CUARTO.** Aprobar o gasto correspondente con cargo a **partida orzamentaria 920.227 por un importe total IVE incluído de 3.630 euros.**

**QUINTO.** Una vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

**SEXTO.** Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data da firma da Resolución.

**SÉTIMO.** Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

**OITAVA.** Dar conta ao pleno da presente Resolución.

**En Sober na data indicada ao marxe**

O Alcalde-Presidente,

Luis Fernández Guitián

Vº Bº A Secretaria Interventora

Elena González López.

DECRETO  
Número: 2022-0517  
Fecha: 22/12/2022



Cód. Validación: 3M4MGLPLDG3LLQWFCP6K6C2D | Verificación: <https://concellodesober.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páquina 2 de 2